

AMOR

*Y muero siempre,
y nunca a morir llego.*

FRAY LUIS DE LEÓN

Xa sei que un día morre
e foi a creación do verdadeiro corpo,
o seu convite,
que puxo a alma a ser na súa medida grande,
que nel tivemos vida.

Que foi a afirmación,
caída na vertixe,
e todas as sementes e as adegas,
todos os apousentos,
os abismos do ventre, os seu braseiros;
unha infancia aínda inédita,
a cóbrega sagrada no pecado;
que foi a afirmación e non se agacha
para a súa toma diaria de morfina
e os gromos amarelos da tristeza.

Xa sei que foi saúde,
que foi presente certo,
gloria de amañecidas e rompentes.

E é unha luz queimada.
Arruinado credo.

Xa sei que foi aceite e é a úlcera.
Xa sei que non se cura.
Xa sei que é tarde.

Arredor o mundo non se entende.

ELES

Algúns dicían: abrirán as fontes
e virá, puntual, a flor do cardo áspero.
Algúns, dende a inocencia.

Abrirán os cadernos impolutos.
Todo principiará para reconstruírmonos.

Porque o amor é branco, elemental,
aceita
e é exacto ao novo soño
que debemos soñar.

Así falaron eles: os insomnes,
os grandes entusiastas
onde a miseria foi borra de inverno,
ditadura de araña,
pandemonio.

Están aquí, no fondo dun silencio,
remotos e presentes:
(unha revelación de mocidade-tótem)
en nós, intestinais, abrindo adentros,
profetizando aínda en mala hora.

POSTAL DE OUTONO

O outono preguiceiro e o seu navío en chamas.

Hoxe non é un día do presente.
Non é outubro nin xoves:
isto é o fondo do tempo
nun letargo de lámpadas e bancadas.

E pide esmola o mundo
que soubo dun Van Gogh dilapidando ocre
baixo un vento de frautas
e ceos invertidos:
unha luz-miraxe de si mesma.

Alleo á aldea sobrenatural,
ao relato arrombado dunha historia
de segas inflamadas
e astros sen retorno,
un camiñante chega preguntando
polo século XV.

INTENTO

Intento namorala.
Escríbolle limóns do mediodía,
sangue que cobreguea,
algo de Saint-John Perse,
o que de min non sabe
(e sábeo todo).

Intento namorala
e debúxolle un merlo pousado no seu forne,
convídoa á súa música
da que bebo unha forza;
fago del un idioma
e volvo á fe dos días
que traen emoción ao meu mercado
de abellas e lavanda.

Escríbolle rebelde (non podo ser escéptico)
e cóntolle, de novo,
a rendición do escravo;
trazo lóstregos, cedo,
mordo amoras escuras,
comunico futuros,
pido a axuda de Schubert,
envíolle unhas primulas de febre,
convídoa á Babilonia dos sentidos.

Tantos estrataxemas!

Dende un vello principio intento namorala
e fálole do absurdo
que sería esta tarde non amala.

AÍNDA

Despois de tanto e tanto,
despois da aceptación e da repulsa,
ou en adoración ollando a estampa
que te recuperaba, ou resolto
en fondura de amante;
despois dalgún pasado tan presente,
do licor que rearma,
do folio visionario e da estrañeza
que procura o vivir; anos despois
dos anos permitidos (tanto tempo!),
furtivamente, aínda
aspiras á petunia,
repasas, en segredo, o álbum dos fulgores,
reparas nas ausencias como astros negados
e bicas, novamente,
a emanación dun nome de seis letras.

AUSENCIAS

Desmesura de luz azul, país do ceo,
marca do día noso ese momento.
E xa non noso,
xa cenital á volta da túa boca,
de súpeto crebando no silencio,
perdendo a voz da dádiva,
o son dun credo inédito.

Á volta da túa pel xa non está
a maxia que fecunda,
xa non está á volta dos teus ollos
verbais do acontecido,
á volta dos teus ombros
de neve e invitación,
das túas mans visguntas de laranxas,
locuaces de alegría e xa distantes.

Xa non está a graza que redime.
Afúndese en crepúsculo
de rancoroso ouro e escurece
a rosa do heptasílabo,
a tona do diamante en labrada.
Borra os verbos e excita
a espiña intransixente
do que sofre un adeus,
de quen gañou e perde.

MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO, *Os ángulos da brasa*, Tambo,
Pontevedra, 2012.